

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO**

ORDE do 20 de novembro de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas, en réxime de concorrência competitiva, para actuacións encamiñadas á protección dos animais domésticos de compañía abandonados en Galicia e se convocan axudas para o ano 2026 destinadas ás asociacións inscritas no Rexistro Galego de Asociacións para a Protección e Defensa dos Animais de Compañía (código de procedemento MT811B).

Son moitas as persoas que disfrutan da compañía do seu animal e non tomarían en consideración a posibilidade do seu abandono, porén, a convivencia entre persoas e animais non sempre é un éxito e ás veces fracasa por temas de incompatibilidade, descoñecemento sobre as implicacións prácticas de vivir cun animal e, nalgúns casos, unhas expectativas equivocadas sobre o comportamento animal.

Ben que aínda estamos lonxe de erradicar este problema, a sociedade está evolucionando cara a unha maior sensibilización sobre a tenza responsable dun animal de compañía e ofrece unha resposta positiva ante o abandono, como é a adopción dos animais que se atopan nos centros de recollida, co que pon así fin á súa situación. A isto hai que engadirlle que o abandono dos animais pode orixinar graves problemas de benestar animal, sanidade, seguridade pública e viaria e ambiente.

A protección e o benestar dos animais de compañía régulase en Galicia a través da Lei 4/2017, do 3 de outubro, e do Decreto 153/1998, do 2 de abril. Esta normativa recolle as mínimas atencións que deben recibir os animais, desde o punto de vista hixiénico-sanitario, co fin de garantirlle uns mínimos de bo trato, fixando como principio fundamental de protección o da posesión ou a tenza responsable, así como os requisitos que deben cumprir os animais para a súa adopción, entre eles, que proveñan dun centro de recollida autorizado e que sexan entregados identificados e esterilizados. Así mesmo, a Lei 4/2017, do 2 de outubro, creou a figura das colonias felinas como un posible destino das comunidades de gatos sen propietario ou propietaria que viven na rúa, sempre que as condicións do contorno o permitan, co fin da súa protección e do seu control poboacional.

Correspóndelle ás administracións locais a recollida de animais abandonados nos seus respectivos termos municipais, de acordo co establecido no artigo 22 da Lei 4/2017, do 3



de outubro. Para cumprir con esta encomenda lexislativa, as administracións locais poden prestar o servizo de recollida e acollemento por si mesmos ou asociados, en réxime de xestión directa ou indirecta. Así mesmo, tamén poderán subscribir convenios de colaboración nesta materia con outras administracións públicas e entidades, como as asociacións de protección e de defensa dos animais.

Ademais do anterior, a Lei 7/2023, do 28 de marzo, de protección dos dereitos e o benestar dos animais, introduce novidades, en especial, na obriga da identificación dos gatos, así como no control poboacional dos gatos comunitarios por parte das entidades locais, mediante a xestión das colonias felinas, pero tamén prevé, no seu artigo 39.b), a colaboración entre a Administración local e as entidades de protección animal para o desenvolvemento dos programas de xestión de colonias felinas; tamén introduce novidades, en especial, na obriga da identificación dos gatos comunitarios.

Este novidoso contexto normativo de xestión das colonias felinas suporá un maior esforzo e intensidade na atención aos animais abandonados e que cómpre ter en conta naquelas situacións en que as asociacións decidan incrementar o seu compromiso para atender e xestionar tanto os animais da especie canina como felina, ademais de facilitar o acceso ás liñas de axudas, para así dar unha resposta axeitada ás novas necesidades.

As asociacións de protección e de defensa dos animais, de acordo co artigo 29 da Lei 4/2017, do 3 de outubro, deberán estar inscritas no Rexistro Galego de Asociacións para a protección e a defensa dos animais de compañía.

A Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, de acordo co establecido no Decreto 137/2024, do 20 de maio, polo que se establece a súa estrutura orgánica, ten atribuídas, entre outras, as competencias relativas á aplicación de medidas de protección de animais domésticos e salvaxes en cativeiro en Galicia.

O réxime xeral das axudas e subvencións nas administracións públicas establécese nas disposicións básicas da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. A nivel regulamentario a norma principal constitúea o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro. Esta orde cumpre coas exixencias da citada normativa.

CVE-DOG: ksbt117-cal0-ysa6-t6x3-dsnu8yk49tl6



En virtude do anterior, en concordancia co disposto no artigo 27.15 do Estatuto de autonomía e en uso das atribucións que me confire o artigo 34 da Lei 1/1983, de 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Obxecto e principios de aplicación*

1. Esta orde ten por obxecto establecer as bases reguladoras dunha liña de axudas para actuacións encamiñadas á protección dos animais domésticos de compañía abandonados en Galicia relativas á atención e ao coidado dos animais domésticos de compañía que se atopen nos centros de recollida autorizados e/ou formen parte de colonias felinas reguladas na Lei 4/2017, do 3 de outubro, e na Lei 7/2023, do 28 de marzo, á realización de campañas de concienciación para a tenza responsable e para a adopción de animais abandonados e a adquisición de material para a xestión e o manexo dos animais aloxados nos centros de recollida autorizados, así como proceder á súa convocatoria para o ano 2026 destinadas ás asociacións inscritas no Rexistro Galego de Asociacións para a protección e a defensa dos animais de compañía (procedemento MT811B).

2. Para os efectos do disposto na epígrafe anterior, entenderase por animais domésticos de compañía os pertencentes ás especies canina e felina, e por animal entregado en adopción ao animal doméstico abandonado que foi cedido en adopción nun centro de recollida autorizado e que consta correctamente inscrito a nome da persoa adoptante no Rexistro Galego de Identificación de Animais de Compañía (Regiac) segundo o recollido no artigo 4.7 da Lei 4/2017, do 3 de outubro.

3. Estas axudas tramitaranse en réxime de publicidade, transparencia, concorrência competitiva, obxectividade, igualdade e non discriminación, con eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados e da eficiencia na asignación e na utilización dos recursos públicos. Así mesmo, resultarán de aplicación os preceptos da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 2. *Actuacións subvencionables*

1. Serán actuacións subvencionables ao abeiro desta orde de axudas:

a) Aquelas destinadas á atención e ao coidado dos animais domésticos de compañía, que se atopen nos centros de recollida autorizados e/ou formen parte de colonias



felinas reguladas na Lei 4/2017, do 3 de outubro, e na Lei 7/2023, do 28 de marzo, e relativos:

1º. Aos gastos derivados do acto clínico para a esterilización cirúrxica dos animais coa dobre finalidade de evitar a súa reprodución incontrolada e a promoción da súa adopción.

2º. Aos gastos derivados do acto clínico para a identificación animal mediante a implantación de microchip, a correspondente inscrición no Regiac e a expedición de pasaporte sanitario, de acordo co recollido na Lei 4/2017, do 3 de outubro, e na Lei 7/2023, do 28 de marzo.

3º. Aos gastos derivados da manutención dos animais derivados da compra de alimento comercial seco e/ou húmido específico, coa finalidade de acadar un estado nutricional óptimo.

4º. Aos gastos derivados da aplicación das medidas profilácticas necesarias para garantir o bo estado físico e sanitario do animal e a prevención de enfermidades infecto-contaxiosas, relativos á vacinación preventiva e á desparasitación externa e interna dos animais.

b) Campañas de concienciación e promoción da tenza responsable e para a adopción de animais abandonados, que incluírá a elaboración de material divulgativo e de publicidade relacionada coa actividade da asociación, a realización de charlas ou talleres, así como o desenvolvemento de campañas en prensa escrita e en medios audiovisuais.

c) Adquisición de material e equipamento para a xestión e o manexo dos animais, que, en todo caso, estará destinado a dotar dos medios necesarios ao centro de recollida do que a entidade solicitante é titular ou xestiona. Serán obxecto de subvención os seguintes elementos:

Denominación
Hidrolimpadora
Gaiolas de transporte/gaiolas portátiles/remolques de transporte animal
Vehículos de tracción para o servizo de recollida de animais
Carro de alimentación
Moega de alimentación e/ou almacenamento de alimento
Equipamento de cloración/potabilización de auga
Equipamento de videovixilancia para o coidado dos animais
Software específico para a xestión do centro de recollida



Denominación
Dispositivos electrónicos necesarios para a xestión do centro de recollida (telefonía, máquinas de fotografía, ordenador, impresora)
Equipamento veterinario non consumible
Neveira
Conxelador
Quentador de auga
Gaiola trampa para a captura de animais de compañía
Gaiola de manipulación de gatos
Lazo de captura con freo de seguridade
Luvas de manexo de animais perigosos
Produtos e materiais de limpeza e desinfección
Outros equipamentos e roupas de protección individual
Outros elementos de análoga natureza

2. Non será obxecto de subvención o imposto do valor engadido (IVE).

3. Para que os gastos recollidos nos puntos 1º, 3º e 4º do artigo 2.1.a.) sexan subvencionables os animais da especie felina deberán estar debidamente identificados consonte o disposto na Lei 4/2017, do 3 de outubro, e na Lei 7/2023, do 28 de marzo.

4. En todo caso, a contía da subvención non poderá ser nunca superior ao custo da acción subvencionable.

Artigo 3. *Ámbito temporal*

As axudas a que se refire esta orde comprenden os gastos subvencionables recollidos no artigo 2 que fosen efectivamente realizados no período comprendido entre o 1 de setembro de 2025 e o 31 de agosto de 2026.

Artigo 4. *Entidades beneficiarias*

Poderán ser beneficiarias destas axudas as asociacións sen ánimo de lucro legalmente constituídas e inscritas no Rexistro Galego de Asociacións para a protección e a defensa dos animais de compañía con anterioridade á data de publicación desta orde.

Para poder seren beneficiarias das axudas para os gastos subvencionables destinados á atención e ao coidado dos animais domésticos de compañía que se atopen nos centros de recollida autorizados recollidos nas letras a) e c) do artigo 2.1 deberán ser titulares ou xestoras dun centro de recollida autorizado e inscrito no Rexistro Galego de Núcleos Zoo-



lóxicos ou que contén con convenios de colaboración coas entidades locais para o desenvolvemento de programas de xestión de colonias felinas reguladas na Lei 4/2017, do 3 de outubro, e na Lei 7/2023, do 28 de marzo.

Artigo 5. *Requisitos exigibles ás entidades beneficiarias*

1. As entidades beneficiarias deberán cumprir coas obrigas establecidas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e non estar incursas en ningunha das circunstancias previstas no seu artigo 10.

2. Non poderán obter a condición de beneficiarias as entidades que teñan sancións firmes en vía administrativa pendentes de pagamento por infraccións tipificadas na Lei 4/2017, do 3 de outubro, ou na Lei 7/2023, do 28 de marzo, ou na Lei 50/1999, do 23 de decembro, sobre o réxime xurídico da tenza de animais potencialmente perigosos.

Artigo 6. *Contía da axuda*

1. A Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático poderá subvencionar as actuacións recollidas no artigo 2 nas seguintes contías máximas:

a) Gastos derivados do acto clínico veterinario da esterilización cirúrxica:

1º. Animais esterilizados da especie canina: ata un máximo de 50 €/animal.

2º. Animais esterilizados da especie felina: ata un máximo de 30 €/animal.

b) Gastos derivados do acto clínico veterinario para a identificación animal: ata un máximo de 20 €/animal identificado.

c) Gastos derivados da manutención dos animais derivados da compra de alimento comercial seco e/ou húmido específico:

1º. Animais da especie canina: ata un máximo de 20 €/animal.

2º. Animais da especie felina: ata un máximo de 15 €/animal.

d) Gastos derivados da aplicación de medidas profilácticas: ata un máximo de 30 €/animal recollido nun centro autorizado ou nunha colonia felina das reguladas na Lei 4/2017, do 3 de outubro, e na Lei 7/2023, do 28 de marzo.



e) Campañas de concienciación e de promoción da tenza responsable e para a adopción de animais abandonados: ata un máximo de 2.500 euros por solicitante.

f) Adquisición de material para a xestión e o manexo dos animais: ata un máximo de 5.000 euros por solicitante.

2. No caso de superación das dispoñibilidades orzamentarias poderán axustarse as contías ao rateo entre todas as entidades solicitantes que cumpren os requisitos. O réxime de rateo farase atendendo a puntuación obtida no proceso de valoración.

3. A contía das axudas está condicionada, en todo caso, á existencia de dispoñibilidade orzamentaria.

Artigo 7. *Compatibilidade*

As axudas previstas nesta orde serán compatibles con outras subvencións de calquera outra Administración pública para as mesmas finalidades, sempre e cando a suma das subvencións concedidas non supere o importe total dos gastos conforme o establecido no artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

Artigo 8. *Solicitudes*

1. As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>

De conformidade co artigo 68.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, se algunha das persoas interesadas presenta a súa solicitude presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela na que fose realizada a emenda.

Para a presentación electrónica poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

2. As solicitudes dirixiranse á Dirección Xeral de Patrimonio Natural da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático.



3. A solicitude da axuda, segundo o anexo I desta orde (procedemento MT811B), inclúe as seguintes declaracións da entidade solicitante:

a) Declaración do total das solicitudes de axudas solicitadas ou concedidas, para a mesma fin, das distintas administracións públicas.

b) Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.

c) Declaración da conta para a transferencia bancaria.

d) Declaración de non estar incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, nin en ningunha das situacións previstas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

e) Declaración responsable de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ter pendentes de pagamento débedas coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia.

f) Declaración responsable de non ter sancións firmes en vía administrativa pendentes de pagamento por infraccións tipificadas na Lei 4/2017, do 3 de outubro, na Lei 7/2023, do 28 de marzo, ou na Lei 50/1999, do 23 de decembro.

g) Non estar incurso en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas previstas nos puntos 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

h) Estar ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, conforme o artigo 10.2.g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 9 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

i) No caso de optar á liña de axudas recollidas nas letras a) e c) do artigo 2.1, identificación do centro de recollida autorizado.

Artigo 9. *Trámites administrativos posteriores á presentación da solicitude*

Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar tras a presentación da solicitude deberán ser efectuados electronicamente accedendo á Carpeta cidadá da persoa interesada dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

CVE-DOG: ksbttd117-cal0-ysa6-t6x3-dsnu8yk49tl6



Artigo 10. Documentación complementaria

1. As persoas interesadas deberán achegar coa solicitude a seguinte documentación:

a) Acreditación da persoa representante que asine a solicitude, por calquera dos medios sinalados no artigo 5 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e do artigo 32 do Real decreto 203/2021, do 30 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de actuación e funcionamento do sector público por medios electrónicos.

b) No caso de optar á liña de axudas recollidas na letra a) do artigo 2.1:

1º. Acreditación fidedigna da relación existente entre a entidade titular do centro de recollida autorizado e a entidade xestora, no caso de que a entidade solicitante sexa xestora dun centro de recollida autorizado.

2º. Copia do convenio de colaboración entre a entidade solicitante e a entidade local do ámbito territorial en que se realiza a recollida dos animais domésticos abandonados ou a xestión das colonias felinas.

3º. Certificado da entidade xestora do centro de recollida autorizado, segundo o modelo do anexo II-A desta orde, que inclúa os seguintes aspectos:

i. Número de animais da especie canina que foron recollidos, por un concello, no período comprendido entre o 1 de setembro de 2025 e o 31 de agosto de 2026.

ii. Número de animais da especie felina, que foron recollidos, por un concello, no período comprendido entre o 1 de setembro de 2025 e o 31 de agosto de 2026.

4º. Certificado do persoal facultativo veterinario, segundo o modelo do anexo III-A, que preste os seus servizos para o centro de recollida, que deberá incluír:

i. Relación de animais con indicación da especie e número de microchip, no período comprendido entre o 1 de setembro de 2025 e o 31 de agosto de 2026, por un concello, aos que:

– Se lles practicou unha esterilización cirúrxica.



– Se lles implantou o microchip para a identificación, se realizou a inscrición no Regiac e se expediu o correspondente pasaporte sanitario.

5º. Certificado da entidade xestora da colonia felina, segundo o modelo do anexo II-B desta orde, que inclúa os seguintes aspectos:

i. Relación de colonias felinas, legalmente establecidas de acordo co disposto na Lei 4/2017, do 3 de outubro, e na Lei 7/2023, do 28 de marzo, por un concello, no período comprendido entre o 1 de setembro de 2025 e o 31 de agosto de 2026, indicando a localización de cada unha delas e a identificación da colonia.

ii. Número de animais da especie felina que forman parte de cada unha das colonias felinas, no período comprendido entre o 1 de setembro de 2025 e o 31 de agosto de 2026, por un concello.

6º. Certificado do persoal facultativo veterinario, segundo o modelo do anexo III-B, que preste os seus servizos para a entidade xestora da colonia felina, que deberá incluír os seguintes aspectos:

i. Relación de animais da especie felina con indicación da colonia felina a que pertencen, o tipo de marcaxe e/ou a identificación realizada, no período comprendido entre o 1 de setembro de 2025 e o 31 de agosto de 2026, por un concello, aos que:

– Se lles practicou unha esterilización cirúrxica.

– Se lles implantou o microchip para a identificación, se realizou a inscrición no Regiac e se expediu o correspondente pasaporte sanitario.

c) No caso de optar á liña de axudas recollidas na letra b) do artigo 2.1, unha memoria de actividades da campaña de concienciación, segundo o anexo IV desta orde, das actuacións en que se recollerán de forma concisa e clara os seguintes aspectos: a descrición da actuación, a finalidade, as datas, as localidades, os lugares e os medios empregados, o público destinatario (perfil e número estimado de participantes), o material divulgativo que se vai empregar (contidos, tipo de material, número de unidades, idioma), o custo estimado por concepto para levar a cabo cada unha das actuacións descritas na memoria.

d) No caso de optar á liña de axudas recollidas na letra c) do artigo 2.1, unha memoria descritiva, segundo o anexo V desta orde, do material para o manexo de animais en que se



inclúa, como mínimo, a seguinte información: a descrición do material, a finalidade, o número de unidades e os orzamentos económicos de cada un dos elementos, con indicación do prezo unitario e o importe total.

De conformidade co artigo 28.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común, non será necesario achegar os documentos que xa fosen presentados anteriormente pola persoa interesada ante calquera Administración. Neste caso, a persoa interesada deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo presentou os ditos documentos, que serán recadados electronicamente a través das redes corporativas ou mediante consulta ás plataformas de intermediación de datos ou outros sistemas electrónicos habilitados para o efecto, agás que conste no procedemento a oposición expresa da persoa interesada.

De forma excepcional, se non se puidesen obter os citados documentos, poderá solicitarse novamente á persoa interesada a súa achega.

2. A documentación complementaria deberá presentarse electronicamente.

Se algunha das persoas interesadas presenta a documentación complementaria presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica.

As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, cando a relevancia do documento no procedemento o exixa ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia, a Administración poderá solicitar de maneira motivada o cotexo das copias achegadas pola persoa interesada, para o que poderá requirir a exhibición do documento ou da información orixinal.

3. Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude deberase indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente, se se dispón del.

Artigo 11. *Comprobación de datos*

1. Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos en poder da Administración actuante ou elaborados polas administracións públicas, agás que a persoa interesada se opoña á súa consulta:

- a) NIF da entidade solicitante.
- b) DNI ou NIE da persoa representante.



- c) Certificado de estar ao día no cumprimento das obrigas coa Seguridade Social.
- d) Certificado de estar ao día no cumprimento das obrigas coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT).
- e) Certificado de estar ao día no cumprimento das obrigas coa Facenda da Comunidade Autónoma de Galicia.
- f) A inscrición no Rexistro Galego de Núcleos Zoolóxicos (Reganuz) da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático.
- g) A inscrición no Rexistro Galego de Asociacións para a Protección e Defensa dos Animais de Compañía da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático.
- h) Non ter sancións firmes en vía administrativa pendentes de pagamento por infraccións tipificadas na Lei 4/2017, do 3 de outubro, na Lei 7/2023, do 28 de marzo, ou na Lei 50/1999, do 23 de decembro.
- i) Concesións de subvencións e axudas.
- j) Inhabilitacións para obter subvencións e axudas.

2. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no cadro correspondente habilitado no formulario correspondente e achegar os documentos.

Cando así o exixa a normativa aplicable solicitarase o consentimento expreso da persoa interesada para realizar a consulta.

3. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilitase a obtención dos citados datos poderase solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

Artigo 12. *Notificación*

1. As notificacións de resolucións e os actos administrativos practicaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.



2. De conformidade co artigo 45.2 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as notificacións electrónicas practicaranse mediante a comparecencia na sede electrónica da Xunta de Galicia e a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal. Este sistema remitirá ás persoas interesadas avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

3. De conformidade co artigo 47 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as persoas interesadas deberán crear e manter o seu enderezo electrónico habilitado único a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, para todos os procedementos administrativos tramitados pola Administración xeral e as entidades instrumentais do sector público autonómico. En todo caso, a Administración xeral e as entidades do sector público autonómico de Galicia poderán de oficio crear o indicado enderezo, para os efectos de asegurar o cumprimento polas persoas interesadas da súa obriga de relacionarse por medios electrónicos.

4. As notificacións entenderanse efectuadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido, e entenderanse rexeitadas cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

5. Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos efectuarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Artigo 13 *Prazo de presentación de solicitudes*

O prazo de presentación das solicitudes será desde o día seguinte ao de publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia* ata o 11 de setembro de 2026.

Artigo 14. *Criterios de valoración*

1. Os criterios de valoración para o outorgamento das axudas recollidas na letra a) do artigo 2.1 serán os seguintes:

Nº	Criterio de valoración	Puntos
1	Número de animais recollidos e admitidos nun centro autorizado e/ou incluídos nunha colonia felina no período comprendido entre o 1 de setembro de 2025 e o 31 de agosto de 2026.	Ata 20



Nº	Criterio de valoración	Puntos
2	Poboación diana sobre a que actúa a entidade solicitante: • Ata 10.000 habitantes.....5 puntos • Máis de 10.000 e menos de 100.000 habitantes.....7 puntos • Máis de 100.000 habitantes.....10 puntos	Ata 10
3	Non ter percibido axudas na convocatoria inmediatamente anterior para actuacións encamiñadas á protección dos animais domésticos de compañía abandonados en Galicia.	5
4	Que a entidade solicitante preste atención e coidado, de maneira simultánea, tanto a animais da especie canina como felina.	15

En caso de empate na puntuación obtida, este resolverase tendo en conta a valoración no criterio número 1. De persistir o empate, atenderase a cualificación no criterio número 2.

2. Os criterios de valoración para o outorgamento das axudas recollidas na letra b) do artigo 2.1 serán os seguintes:

Nº	Criterio de valoración	Puntos
1	A entidade solicitante xestiona ou é titular dun centro de recollida autorizado ou xestiona unha colonia felina das reguladas na Lei 4/2017, do 3 de outubro, e na Lei 7/2023, do 28 de marzo.	10
2	Mix de medios empregados: • Difusión en prensa escrita.....10 puntos • Difusión en medios dixitais.....20 puntos • Actividades presenciais (grupos reducidos).....10 puntos • Elaboración de material divulgativo.....20 puntos	Ata 60
3	Duración da campaña: • Puntual (1 día).....5 puntos • Menos de 3 meses.....10 puntos • Entre 3 e 6 meses.....15 puntos • Máis de 6 meses.....20 puntos	Ata 20
4	Non ter percibido axudas na convocatoria inmediatamente anterior para actuacións encamiñadas á protección dos animais domésticos de compañía abandonados en Galicia.	5

En caso de empate na puntuación obtida, este resolverase tendo en conta a valoración no criterio número 1. De persistir o empate, atenderase a cualificación no criterio número 2. Se así é todo continúa a igualdade, dirimirase o empate tendo en conta a data e a hora de presentación da solicitude para a inscrición no Rexistro xeral de asociacións para a protección e defensa dos animais domésticos e salvaxes en cativeiro de Galicia.



3. Os criterios de valoración para o outorgamento das axudas recollidas na letra c) do artigo 2.1 serán os seguintes:

Nº	Criterio de valoración	Puntos
1	Número de animais recollidos e admitidos nun centro autorizado e/ou incluídos nunha colonia felina no período comprendido entre o 1 de setembro de 2025 e o 31 de agosto de 2026.	Ata 20
2	Poboación diana sobre a que actúa a entidade solicitante: • Ata 10.000 habitantes.....5 puntos • Máis de 10.000 e menos de 100.000 habitantes.....7 puntos • Máis de 100.000 habitantes.....10 puntos	Ata 10
3	Non ter percibido axudas na convocatoria inmediatamente anterior para actuacións encamiñadas á protección dos animais domésticos de compañía abandonados en Galicia.	5
4	Que a entidade solicitante preste atención e coidado, de maneira simultánea, tanto a animais da especie canina como felina.	15

En caso de empate na puntuación obtida, este resolverase tendo en conta a valoración no criterio número 1. De persistir o empate, atenderase a cualificación no criterio número 2.

Artigo 15. Tramitación

1. As solicitudes remitiranse á Dirección Xeral de Patrimonio Natural da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático. O Servizo de Conservación da Biodiversidade examinará e revisará a documentación acompañante que se especifica no artigo 10 desta orde.

2. No caso de que fosen detectados erros ou omisións, requiriráselle á entidade solicitante para que, no prazo de dez (10) días hábiles contados desde o día seguinte ao de recepción do requirimento, emende ou complete a solicitude, coa indicación de que, se non o fai así, se terá por desistido da súa petición logo de resolución, que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 21 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Por tratarse dun procedemento de concorrencia competitiva, de conformidade co establecido nos artigos 45 e 46 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, os requirimentos de emenda das solicitudes realizarase mediante a súa publicación na páxina web da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, (https://cmatv.xunta.gal/seccion-tema/c/CMAOT_Conservacion?content=Direccion_Xeral_Conservacion_Natureza/Animais_domesticos_e_salvaxes/seccion.html&std=Axudas_para_actuacions_encaminadas_a_proteccion_dos_animais_de_compania_abandonados_en_Galicia), a cal producirá os mesmos efectos que a devandita notificación.



Non obstante, a publicación na páxina web poderá ser substituída pola súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, se así se estimase oportuno polo órgano instrutor.

3. Sen prexuízo do disposto no parágrafo anterior, en calquera fase do procedemento anterior á proposta de resolución poderáselle requirir á entidade que achegue a información e la documentación complementaria que se considere conveniente para a correcta definición, avaliación e comprobación da solicitude presentada.

4. O Servizo de Conservación da Biodiversidade emitirá informes á Subdirección Xeral de Biodiversidade e de Recursos Cinexéticos e Piscícolas para que esta continúe coa súa tramitación.

5. Unha vez recibidos os informes do Servizo de Conservación da Biodiversidade, a Subdirección Xeral de Biodiversidade e de Recursos Cinexéticos e Piscícolas, como órgano instrutor, realizará as propostas de resolución das solicitudes á Dirección Xeral de Patrimonio Natural ata esgotar o crédito consignado para o efecto. Non obstante, no caso de superación das dispoñibilidades orzamentarias poderán axustarse as contías ao rateo entre todas as entidades beneficiarias. O réxime de rateo farase atendendo á puntuación obtida no proceso de valoración.

Artigo 16. *Resolución e recursos*

1. De conformidade co establecido no artigo 7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, a competencia para a concesión das axudas reguladas nesta orde correspóndelle á persoa titular da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático. A resolución que poña fin ao procedemento será motivada con suxeición ao establecido nas bases reguladoras desta orde.

2. O prazo máximo para resolver será de 30 días hábiles contado desde o día seguinte ao remate do prazo de presentación das solicitudes. Transcorrido o prazo sen que se ditase resolución expresa, as entidades poderán entender desestimada a súa solicitude, nos termos previstos no artigo 21 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, e no artigo 23.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

3. A resolución ditada, segundo o disposto no punto 1 deste artigo, porá fin á vía administrativa e contra ela poderase interpoñer recurso potestativo de reposición ante a persoa titular da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, no prazo de un mes a partir da notificación da resolución, ou ben impugnala directamente diante do Tribunal Superior



de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses se a resolución fose expresa, de acordo co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa.

4. En ningún caso se concederán aboamentos á conta ou pagamentos anticipados.

Artigo 17. *Aceptación da axuda concedida*

O outorgamento da subvención debe ser aceptado pola entidade beneficiaria no prazo máximo de dez (10) días desde a súa notificación, coas condicións específicas recollidas nesta orde. No caso de que a entidade beneficiaria non comunique a súa aceptación dentro do prazo indicado, considerárase que se entende tacitamente aceptada a axuda concedida.

Artigo 18. *Transparencia e bo goberno*

1. Deberá darse cumprimento ás obrigas de transparencia contidas no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e no artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. En virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións están obrigadas a subministrar á Administración, ao organismo ou á entidade das previstas no artigo 3.1 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, á que se atopen vinculadas, logo de requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por aquela das obrigas previstas no título I da citada lei.

Artigo 19. *Publicidade*

1. No prazo máximo de tres meses contados desde a data de resolución das concesións, publicarase no *Diario Oficial de Galicia* a relación de subvencións concedidas, con indicación da norma reguladora, da entidade beneficiaria, do crédito orzamentario, da contía e da finalidade da subvención.

2. Non obstante o anterior, cando os importes das subvencións concedidas, individualmente consideradas, sexan de contía inferior a 3.000 euros, non será necesaria a publicación no *Diario Oficial de Galicia*, que será substituída pola publicación das subvencións concedidas na páxina web da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático.



Artigo 20. *Rexistro Público de Subvencións*

1. A concesión das axudas reguladas nesta orde, será obxecto de inscrición no Rexistro Público de Axudas, Subvencións, Convenios e de Sancións dependente da Consellería de Facenda e Administración Pública, co fin da ordenación e o coñecemento da actividade subvencionable en Galicia. Por outra parte, de conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, transmitirase á Base de datos nacional de subvencións a información requirida por esta, o texto da convocatoria para a súa publicación na citada base e o seu extracto no *Diario Oficial de Galicia*.

2. As entidades interesadas terán, en calquera momento, o dereito de acceso, a rectificación, a cancelación e a oposición dos seus datos que figuren no Rexistro Público de Subvencións, de conformidade co establecido na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

3. A solicitude para ser entidade beneficiaria das axudas incluídas nesta orde levará implícita a autorización, no suposto de que se lle conceda a axuda solicitada, para a inscrición, no Rexistro Público de Axudas, Subvencións, Convenios e de Sancións dependente da Consellería de Facenda e Administración Pública, dos datos facilitados á Xunta de Galicia na solicitude. Non obstante, as entidades solicitantes poderán denegar expresamente o seu consentimento á inscrición dos seus datos no Rexistro Público de Subvencións cando concorran algunha das circunstancias previstas na alínea d), do punto 2, do artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

Artigo 21. *Xustificación dos gastos realizados*

1. O pagamento da cantidade adxudicada a cada entidade beneficiaria queda condicionado á xustificación dos gastos obxecto de subvención.

2. O prazo máximo para presentar a xustificación dos gastos realizados rematará o día 13 de novembro de 2026. As entidades beneficiarias deberán presentar na forma indicada no artigo 8 desta orde, a seguinte documentación:

a) Solicitude de pagamento, segundo o anexo VI desta orde, que inclúe unha declaración complementaria relativa á obtención doutras subvencións, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas, así como calquera circunstancia que poida afectar substancialmente a execución ou a consecución dos fins para os que foi concedida a



axuda da que se trate, de acordo co formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>

b) Para xustificar os gastos das axudas reguladas na letra a) do artigo 2.1 desta orde:

1º. Copias das nóminas do persoal facultativo, contratado pola entidade solicitante e das facturas de adquisición do material empregado nas actuacións clínicas de esterilización cirúrxica, da identificación dos animais, da aplicación de medidas profilácticas ou da compra de alimento, emitidas a nome da entidade solicitante ou ben.

2º. Copias das facturas emitidas polos servizos veterinarios externos relativos ás actuacións clínicas de esterilización cirúrxica, a identificación e a aplicación de medidas profilácticas, emitidas a nome da entidade solicitante.

3º. Copia das facturas emitidas con cargo á entidade beneficiaria con detalle de cada un dos conceptos. As facturas virán acompañadas da xustificación do pagamento efectivo dos gastos nos que se incorreu, a través da copia da transferencia bancaria, da certificación bancaria ou do extracto de pagamento.

c) Para xustificar os gastos das axudas reguladas na letra b) do artigo 2.1:

1º. Memoria descritiva das actuacións efectivamente realizadas na que se recollerá de forma concisa e clara os aspectos que se detallan a continuación.

i) Descrición da actuación.

ii) Finalidade.

iii) Datas, localidades, lugares e medios empregados.

iv) Público destinatario e asistente, no caso de charlas ou sesións informativas.

v) Material divulgativo distribuído: contidos, tipo de material, número de unidades, idioma. Achegaranse copias ou fotografías, segundo sexa posible, do material distribuído.

vi) Documentación que acredite a súa efectiva execución.

2º. Copia das facturas emitidas con cargo á entidade beneficiaria con detalle de cada un dos conceptos. As facturas virán acompañadas da xustificación do pagamento efectivo dos



gastos nos que se incorreu, a través da copia da transferencia bancaria, da certificación bancaria ou do extracto de pagamento.

d) Para xustificar a realización dos investimentos recollidos na letra c) do artigo 2.1:

1º. Memoria descritiva do material adquirido para o manexo de animais na que se inclúa, como mínimo, a seguinte información: a descrición do equipamento, a finalidade, o número de unidades, as fotografías do material obxecto de xustificación.

2º. Copia das facturas emitidas con cargo á entidade beneficiaria. As facturas virán acompañadas da xustificación do pagamento efectivo dos gastos en que se incorreu, a través da copia da transferencia bancaria, da certificación bancaria ou do extracto de pagamento.

Artigo 22. *Pagamento*

1. O pagamento corresponderase co importe da axuda aprobada e debidamente xustificada. Non obstante, excepcionalmente, por resolución da persoa titular da Dirección Xeral de Patrimonio Natural, poderá subvencionarse só unha parte das actuacións aprobadas sempre que se xustifique documentalmente o motivo de non ter realizado o total do gasto, e que a parte executada constitúa unha unidade operativa independente.

2. Para o pagamento da axuda será imprescindible que as persoas beneficiarias estean ao día nas súas obrigas tributarias e da Seguridade Social e que non teñan pendente de pagamento ningunha outra débeda por ningún concepto coa Administración pública da Comunidade Autónoma. De acordo co establecido no artigo 11, o órgano xestor das axudas poderá obter dos organismos competentes as citadas certificacións.

3. O pagamento das axudas efectuarase mediante transferencia na conta bancaria indicada na solicitude.

Artigo 23. *Crédito orzamentario*

1. Esta convocatoria de axudas tramítase de acordo co establecido no artigo 25 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, en que se regula a tramitación anticipada de expedientes de gasto. Por iso, a súa eficacia queda condicionada á existencia de crédito axeitado e suficiente nos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o próximo ano 2026, no momento resolución.



2. O importe máximo das axudas que se conceden no antedito exercicio orzamentario ascenderá a 480.000 euros, distribuídos do seguinte xeito:

a) Para a atención e o coidado dos animais de compañía que se atopen nos centros de recollida autorizados: 430.000 euros (aplicación orzamentaria 06.04.541B.481.0).

b) Campañas de concienciación para a tenza responsable e para a adopción de animais abandonados: 20.000 euros (aplicación orzamentaria 06.04.541B.781.0).

